

AGORA OURENSE

vezes só ten finalidade publicitaria. Non queremos esqueletos de cemento abandonados. As propiedades sen edificar serán dedicadas preferentemente a cultivos de hortas e frutais e a pequenos parques que funcionen a modo de illas verdes.

11.- Prestaremos unha especial atención á promoción do deporte. Queremos incrementar o número de instalacións dispoñibles, centros e actividades para o desenvolvemento de actividade física, individual ou en equipo. Deseñaremos un complexo deportivo e de lecer en Oira, reordenando e ampliando as instalacións existentes. Crearemos unha Casa do Videoxogo orientada a os e-sports e vídeoxogos, con suficientes equipamentos e instalacións para organizar campionatos provinciais e autonómicos. Fomento do programa "Medalla de Ourense", ofrecendo bolsas e axudas aos nosos mellores deportistas para que sirvan de referencia á mocidade.

12.- Queremos recuperar as actividades comerciais tradicionais (como a feira do 21) e promover as festas de barrio, que faciliten o encontro entre veciños e favorezan a participación e a convivencia. O programa de festas debe de ser equilibrado, chegar a todos os barrios, e non só ao centro.

13.- Pretendemos aumentar recursos de atención á emerxencia residencial, incrementando contratos e convenios con entidades do terceiro sector para xestión de vivendas de emerxencia; a medio prazo construindo albergues e residencias municipais; a longo prazo ampliando o parque municipal de vivenda pública. Daremos prioridade á rehabilitación de vivendas construídas fronte a construcción de novas vivendas.

14.- Recuperar a xestión pública da casa de acollida para mulleres maltratadas, as súas crías, mulleres que queren deixar á prostitución e aquelas outras que sexan vítimas da trata ou de calquera tipo de violencia. Queremos facer ao menos catro casas por toda a cidade; nelas, a través do CIM, realizaranse actos educativos e divulgativos diversos para que Ourense sexa una cidade libre de violencias e de explotación. Ademais, faremos realidade o Roteiro Feminino de rúas, xardíns, edificios e outros espazos con nomes de mulleres para que as nenas e nenos teñan un referente das mulleres.

Queremos unha cidade con perspectiva de xénero, deseñando os cambios necesarios no deseño urbano, ata conseguir un modelo de mobilidade no que as mulleres teñan percepción de seguridade na cidade, no que as vivendas dispoñan de espazos amplos, luz natural e acceso fácil para persoas con dificultades, etc. Medidas, todas elas, orientadas a poñer os coñdados no centro.

Políticas municipais integradas nun plan igualdade contra violencia machista con perspectiva en torno á orientación sexual, identidade de xénero.

Fomentar políticas culturais e de ocio, actividades e espazos públicos de uso colectivo respectuosos coa diversidade sexual

eleccións municipais maio 2023



AGORA OURENSE



AGORA OURENSE


1.- Propoñemos a municipalización e a xestión directa dos servizos públicos externalizados a medida que se vaia producindo o vencemento contractual, garantindo que os traballadores da concesionaria poidan adscribirse ao cadre de persoal do Concello. Comprometémonos a non licitar nin sacar a concurso servizos que poidan ser prestados de forma directa polo Concello. Revisar a situación actual das concesións administrativas e valorar o grao de cumprimento do contrato por parte das empresas concesionarias, esixindo o rigoroso cumprimento das condicións. Implantaremos o uso de cláusulas sociais na contratación pública: as empresas adjudicatarias cumplirán criterios de igualdade, estabilidade, conciliación e formación laboral. Ademais deben acreditar o cumprimento estrito da normativa ambiental. O noso compromiso é o de dar preferencia ás empresas e autónomos locais e ás cooperativas e empresas da economía social.

2.- Creación de empresas públicas municipais en ámbitos onde non exista unha oferta suficiente para cubrir necesidades básicas dos ourensáns, especialmente nos sectores de servizos sociais (3^a idade e poboacións vulnerables), ou ambientais e enerxéticas (promoción de empresas de rehabilitación enerxética de vivendas, impulso das comunidades enerxéticas, renaturalización da paisaxe urbana, etc.).

3.- Eliminación progresiva das conducións de fibrocemento con amianto da rede de distribución de augas; tamén retirada inmediata dos materiais construtivos con amianto das instalacións públicas e na zona da praza de abastos, polo evidente perigo que supoñen para a saúde pública.

4.- Facilitar a utilización do espazo do Mercado da Ponte para promoción de actividades e comercio de produtos agrarios e gandeiros do rural da nosa provincia. Tamén queremos promover a utilización da Praza de Abastos e do Mercado coa mesma finalidade: axudar ao mercado interior. Pretendemos reforzar a nosa capacidade para producir e elaborar os nosos alimentos, fortalecer a nosa soberanía alimentaria, co fin de estar preparados ante calquera incidencia que provoque unha subida brusca dos prezos no comercio exterior. Fomento do programa "100km - 100 anos de vida" fomentando o consumo e a produción do noso sector primario. Queremos que os mercados de ourense sexan referencia para o consumo do local, en colaboración cos concellos de Ourense e Galicia.

5.- Reforzamento do tecido social de Ourense co deseño de medidas de promoción de actividades de interese social, educativo, cultural, de lecer, etc. Como exemplo: recuperación da UPO, Espazo Lusquiños, Banda de Música e Outono Fotográfico. A nosa política cultural ten como finalidade fomentar a convivencia, a adquisición de novas destrezas e habilidades da cidadanía e o desenvolvemento da capacidade crítica e a participación da poboación nos asuntos públicos. Queremos fomentar espazos de encontro onde os ourensáns comparten



AGORA OURENSE

experiencias, gocen da cultura e recuperen a normalidade despois de moitos anos de políticas contrarias á participación pública. Non queremos cidadáns pasivos escotando custosas megaorquestras, senón veciños, gozando, aprendendo e participando na vida cultural.

6.- O noso modelo de cidade é o dunha cidade densa, accesible, con servizos, onde a poboación dispoña de espazos habitables e tranquilos para a súa vida diaria, sen necesidade de excesivos desprazamentos. A actuación sobre o casco histórico é unha prioridade. Precísase un plan integral que afecte a diversos problemas, como limitar seriamente o tráfico rodado, ou mellorar a seguridade e benestar (iluminación, ruído, a ocupación de espazo público polas terrazas, etc.). Non queremos deseñar os nosos barrios sen contar coa participación dos cidadáns e do tecido asociativo, que coñecen ben o seu barrio, as súas necesidades e prioridades.

7.- Unha medida imprescindible para lograr o desenvolvemento descentralizado e equilibrado da cidade é a de ofrecer fácil acceso aos servizos municipais. Queremos crear oficinas de distrito de barrio con servizos que se irán creando segundo as necesidades e preferencias dos veciños. Adaptaremos propiedades municipais xa construídas, evitando gastos en novas construcións. Ademais de servizos do Concello, pretendemos que sirvan de lugares de referencia de outras actividades (Xulgados de Paz, Oficinas de información especiais para servizos sociais, 3^a idade, xuventude, información e divulgación de actividades de promoción da saúde e a sustentabilidade ambiental, etc.).

8.- Proxecto dun Bosque Urbano na Finca da Marquesa, creación de bulevares en diferentes zonas; renaturalización dos espazos públicos detendo a política arboricida dos últimos anos e creando rúas más cómodas, deseñadas para a xente, mudando o actual modelo de cidade para o automóbil, pouco accesible, dura, impermeabilizada con cemento e asfalto, inimiga da natureza e da biodiversidade.

9.- Fortalecer a rede de Centros de Día, evitando desequilibrios entre barrios e e desprazamentos innecesarios dos maiores. Outras medidas para facilitar a vida diaria da poboación maior, son as que favorecen a accesibilidade (subvencións ascensorización), ou a convivencia en vivendas mixtas (compartidas con persoas mozas); ou axudas ás vivendas comunitarias xa en marcha, que están desenvolvendo unha importante función social. Outro dos nosos proxectos é lograr acordos para incrementar as actividades de formación para persoas da terceira idade nos barrios, por parte de profesionais do Sergas (cursos de diabetes, alimentación, coidados, etc.).

10.- Inventario de inmobles e propiedades de titularidade municipal. Pretendemos utilizar os espazos xa dispoñibles, rehabilitando se é preciso, pero evitando sempre a construcción obra nova, que moitas